



## **CIRCULAR 25-2020.**

### **XXXV CAMPIONATO DE GALICIA ABSOLUTO DE PISTA CUBERTA.**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo organiza o XXV **Campionato de Galicia Absoluto** o 23 de febreiro na pista cuberta de Ourense en Expourense.

**Art.2)** Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que se atopen en calquera das seguintes condicións e que teñan as marcas mínimas solicitadas ou que habendo prazas libres nas finais estean preto de ditas marcas.

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual (2020) por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A. aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos/as convidados/as expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

*\*Segundo acordo de Asemblea os/as atletas estranxeiros/as da categoría Sub20 en diante que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia*

**Art.3)** Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, por acordo da Asemblea Xeral do 28 de decembro do 2019, a partir do 1 de xaneiro do 2020, existirá unha cota de inscrición de 3 Euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

**Art.4)** As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 18 de xaneiro do 2020.** Unha vez rematado o prazo ordinario de inscrición abrírase outra pasarela para poder facer inscricións fóra de prazo ata o xoves ás 14:00. O director técnico determinará cales delas se aceptan en función do horario e da posible repesca de atletas. Multa por fóra de prazo de 3 euros.

**Art.5)** Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría do Campionato recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio seguindo o protocolo de premiacións. Caso contrario, non se fará entrega da medalla.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



### Art.6) Marcas mínimas:

<b>MÍNIMAS MASCULINAS</b>			
<b>MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2017/18 (desde 31/03/2018)</b>		<b>MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2018/19 AO AIRE LIBRE OU PISTA CUBERTA</b>	
<b>PROBA</b>	<b>ABSOLUTO</b>	<b>PROBA</b>	<b>ABSOLUTO</b>
<b>100</b>	11.40	<b>50</b>	6.30
<b>200</b>	23.10	<b>60</b>	7.35
<b>400</b>	52.00	<b>200</b>	23.90
<b>800</b>	1.59.00	<b>400</b>	52.00
<b>1.500</b>	4.09.00	<b>800</b>	2.02.00
<b>3.000</b>	9.05.00	<b>1.500</b>	4.15.00
<b>5.000</b>	15.40.00	<b>3000</b>	9.15.00
<b>110v</b>	17.50	<b>50v</b>	8.75
<b>400v</b>	1.02.00	<b>60v</b>	9.75
<b>3.000 Obs.</b>	10.15.00		
<b>Lonxitude</b>	6.65	<b>Lonxitude</b>	6.55
<b>Triplo Salto</b>	13.20	<b>Triplo salto</b>	12.60
<b>Altura</b>	1.80	<b>Altura</b>	1.75
<b>Pértega</b>	4.00	<b>Pértega</b>	3.60
<b>Peso</b>	12.00	<b>Peso</b>	12.00
<b>MÍNIMAS FEMININAS</b>			
<b>MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2017/18 (desde 31/03/2018)</b>		<b>MARCAS REALIZADAS NA TEMPADA 2018/19 AO AIRE LIBRE OU PISTA CUBERTA</b>	
<b>PROBA</b>	<b>ABSOLUTO</b>	<b>PROBA</b>	<b>ABSOLUTA</b>
<b>100</b>	13.15	<b>50</b>	7.10
<b>200</b>	27.00	<b>60</b>	8.35
<b>400</b>	1.04.00	<b>200</b>	28.00
<b>800</b>	2.25.00	<b>400</b>	1.05.00
<b>1.500</b>	5.07.00	<b>800</b>	2.30.00
<b>3.000</b>	11.00.00		
<b>5.000</b>	19.00.00	<b>1.500</b>	5.12.00
<b>100v</b>	18.00	<b>3000</b>	11.10.00
<b>400 v</b>	1.12.00	<b>50v</b>	9.00
<b>3.000 Obs.</b>	13.00.00	<b>60v</b>	10.00
<b>Lonxitude</b>	5.40	<b>Lonxitude</b>	5.30
<b>Triplo Salto</b>	10.85	<b>Triple salto</b>	10.80
<b>Altura</b>	1.59	<b>Altura</b>	1.50
<b>Pértega</b>	2.80	<b>Pértega</b>	2.60
<b>Peso</b>	9.56	<b>Peso</b>	10.50

**Art.6)** Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás nos saltos que poderán levalo por diante ou nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

### Art.7) Limitacións de probas:

Categorías Sub 18 Sub16 e Sub 14: Cada atleta só poderá inscribirse nun máximo de 2 probas (das autorizadas na súa categoría) e no caso de participar en dúas carreiras, só poderá realizarse unha de máis de 200.



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



XUNTA  
DE GALICIA



DEPORTE  
GALEGO

**Art.8)** O horario provisional do Campionato:

<b>HORARIO PROVISIONAL DO CAMPIONATO</b>						
<b>XORNADA DE MAÑÁ</b>						
200	Mulleres	Eliminatorias	<b>10.30</b>			
200	Homes	Eliminatorias	<b>10.45</b>			
			<b>11.00</b>	Peso	Homes	FINAL
60	Mulleres	Eliminatorias	<b>11.05</b>	Triplo	Homes	FINAL
60	Homes	Eliminatorias	<b>11.25</b>	Pértega	Homes	FINAL
400	Mulleres	Semifinais	<b>11.50</b>			
400	Homes	Semifinal	<b>12.05</b>			
<b>1.500</b>	Mulleres	FINAL*	<b>12.20</b>	Altura	Mulleres	FINAL
<b>1.500</b>	Homes	FINAL*	<b>12.30</b>	Triplo	Mulleres	FINAL
60	Mulleres	Semifinal	<b>12.45</b>			
60	Homes	Semifinal	<b>12.55</b>			
800	Mulleres	Semifinais	<b>13.10</b>			
800	Homes	Semifinais	<b>13.25</b>			
200	Mulleres	Semifinais	<b>13.40</b>			
200	Homes	Semifinais	<b>13.50</b>			
<b>XORNADA DE TARDE</b>						
			<b>16.30</b>	Lonxitude	Homes	FINAL
			<b>16.45</b>	Peso	Mulleres	FINAL
60v	Homes	Semifinais	<b>17.00</b>	Pértega	Mulleres	FINAL
60v	Mulleres	Semifinais	<b>17.15</b>			
<b>3000</b>	Mulleres	FINAL*	<b>17.30</b>			
<b>3000</b>	Homes	FINAL*	<b>17.45</b>			
			<b>17.55</b>	Lonxitude	Mulleres	FINAL
60	Mulleres	FINAL	<b>18.00</b>			
60	Homes	FINAL	<b>18.10</b>	Altura	Homes	FINAL
400	Mulleres	FINAL	<b>18.20</b>			
400	Homes	FINAL	<b>18.30</b>			
200	Mulleres	FINAL	<b>18.40</b>			
200	Homes	FINAL	<b>18.50</b>			
800	Mulleres	FINAL	<b>19.00</b>			
800	Homes	FINAL	<b>19.10</b>			
60v	Homes	FINAL	<b>19.20</b>			
60v	Mulleres	FINAL	<b>19.30</b>			

\*Programaranse o número de finais en función dos inscritos

**Cadencia dos listóns no Salto de Altura:** publicarase unha vez rematado o prazo de inscrición

**Cadencia dos listóns no Salto con Pértega:** publicarase unha vez rematado o prazo de inscrición

### SAÍDA A PISTA TRAS A PRESENTACIÓN EN CÁMARA DE CHAMADAS

**Carreiras:** 5min antes da hora oficial da proba

**Carreiras valadas:** 10min antes da hora oficial da proba

**Concursos (agás pértega):** 30min antes da hora oficial da proba

**Pértega:** 45min antes da hora oficial da proba



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

**Art.9).-** Na cámara de chamadas será obrigada a presentación na mesma, debidamente acreditados mediante licenza, D.N.I, ou calquera outro documento con foto, incluídos os que figuran en plataformas informáticas, dentro dos prazos estipulados, para poder participar.

**Art.10)** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarase as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA ([direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal)) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.11)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A (I.A.A.F.)

A Coruña, 5 de febreiro de 2020



**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**